

As mareas negras en Galicia



A densidade do tráfico unida á dureza dos temporais, no inverno, e á perigosidade da costa fai que Galicia sexa a zona de Europa con maior cantidade de accidentes. Nos últimos 30 anos sufriu sete dos once maiores desastres mariños de Europa.



Adela Leiro
Mon Daporta



Os efectos do incendio do "Aegean Sea" (1992) chegaron ao interior de Lugo.

Incendio do "Urquiola" na Ría da Coruña (1976).



O "Policommander" ardendo na Ría de Vigo.

Remolque do "Prestige".



1917, CEDEIRA

O petroleiro británico "McAdoo" afundido por un submarino alemán durante a I Guerra Mundial.

1934, COSTA DA MORTE

O petroleiro ruso "Boris Shcheldeff" encallou producindo danos que duraron dous anos.

1942, CABO ORTEGAL

Naufraxiu dun tanque alemán de abastecemento dos submarinos da II Guerra Mundial.

1943, RÍA DE CAMARIÑAS

O buque alemán "Nord Atlantic" encallou na costa fuxindo dos avións e verteu miles de toneladas de gasóleo.

1962, A CORUÑA

O petroleiro "Camponegro" chocou cun mercante, perdeu 2.000 tn de crudo e extraéronsele o resto (7.000 tn).

1968, CABO FISTERRA

O petroleiro español "Bonifaz" chocou co "Fabiola". Gran parte do combustible ardeu e a marea negra afectou a costa entre Touriñán e A Buitra.

1968, FISTERRA

O buque tanque grego "Spyros Lemos" parteu durante un temporal.

1970, RÍA DE VIGO

O "Rdycomander" verqueu 70.000 tn de crudo na Ría de Vigo.

1976, A CORUÑA

O petroleiro "Urquida" estouporou despois de colisionar o seu fondo nunha agulla da entrada do porto da Coruña que non aparecía nas cartas de navegación.

Verqueu 110.000 tn de petróleo.

1978, MALPICA-CAIÓN

O petroleiro "Andros Patria" produxe un verquido de 50.000 Tm de petróleo crudo.

1989, A CORUÑA

O petroleiro "Delaware" amarrado no pantalán da Coruña derrama 10 toneladas de crudo a causa dunha manobra errónea.

1992, A CORUÑA

O petroleiro "Aegean Sea" encallou a poucos metros da Torre de Hércules e incendiouse despois de partir en dous e estoupar un dos tanques. Verqueu 72.000 Tm de petróleo crudo que afectou á ría de Ares e Ferrol.

2002, COSTA DA MORTE

O "Prestige" sofre un accidente o 13 de novembro e, despois de ser paseado con rumbo diferentes por diante da costa galega, afunde o día 19 a 260 km das Illas Cíes. Verqueu máis de 40.000 tn de fuel que contaminaron a costa desde Portugal ata a Bretaña. Segue a verter pequenas cantidades do que conserva no seu interior.